

Para que Vigo sexa

- Un espazo ordenado que sexa o resultado dun urbanismo que respecte a paisaxe e non estrague o territorio; que non desnaturalice os ríos, conserve as fontes, e non degrade a nosa Ría.
- Unha cidade para vivir: limpa, respirable, sen ruídos, que non contamine as augas (dez anos de insalubridade e ilegalidade da depuradora de Coruxo xa chegan). Que teña unha relación harmónica co seu entorno rural e marítimo, e deixe respirar a terra que está debaixo do asfalto, permitindo que brote dela a natureza.
- Unha sociedade san e libre de corrupción.
- Unha comunidade solidaria e pacífica, onde gobernen aqueles que se preocupen polo benestar de tod@s, e emplee o diñeiro dos impostos en beneficio da colectividade.
- Un lugar onde a colaboración substitúa ao permanente enfrontamento, as cousas se fagan ben e ninguén se aproveite do traballo dos demais.

Eu poño o meu gran de area...

APOIANDO

O recurso contencioso-administrativo da asociación Alternativa Veciñal contra a Orde do día 16 de Maio de 2008 da Consellería de Política Territorial de aprobar o PXOM de Vigo.

A lei 9/2006 de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) obriga a avaliar os efectos no medio ambiente do PXOM de VIGO d'accordo co procedemento contido na mesma. Coa súa resolución do 28 de marzo, a Xunta de Galicia, e en concreto, a Consellería de Medio Ambiente, INCUMPRE as leis españolas e directivas europeas que protexen o medio ambiente, e INCUMPRE co seu deber de velar polo respecto á terra, a ría e a quen as habitan, e polo benestar dos cidadáns.

Queres participar?

O PXOM de Vigo é ...

Un Plan Xeral ILEGAL

Un Plan Xeral QUE DESTRUE O RURAL

Un Plan Xeral QUE PRETENDE LEGALIZAR EDIFICIOS ILEGAIS

Un Plan Xeral que PON EN RISCO O ABASTECIMENTO DE AUGA en Vigo e concellos limítrofes

Un Plan Xeral que vai INCREMENTAR A CONTAMINACIÓN na Ría de Vigo

Un Plan Xeral que pretende CONSTRUIR 116.061 vivendas (55.709 nos primeiros catro anos) e DESTRUIR 15.000 vivendas.

Un Plan Xeral MOI DEFICIENTE TECNICAMENTE

Un Plan Xeral SEN AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Un Plan Xeral SEN ESTUDO DE MOBILIDADE SOSTIBLE

Un Plan Xeral SEN GARANTÍAS DE DESENVOLVEMENTO

Un Plan Xeral CON PREVISIÓN DEMOGRÁFICAS INFUNDADAS

Un Plan Xeral INSOSTIBLE

Un Plan Xeral con modificacións sustanciais e SEN NOVA EXPOSICIÓN PÚBLICA

Un Plan Xeral SEN AXENDA 21 LOCAL



Sí, quero colaborar con Alternativa Veciñal

- Facéndome soci@
- Contribuíndo economicamente na interposición do recurso contencioso-administrativo contra o PXOM de Vigo
- Asinando escrito de apoio



NOME E APELIDOS

TLF E-MAIL DNI

ENDEREZO RECIBO Nº

Alternativa Veciñal é unha organización de participación cidadá xurdida a raíz da tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (PXOM). Está formada por diversos colectivos pertencentes a distintos ámbitos da sociedade viguesa.



Rexistro de Asociacións: 2006/009927-1
Correo: alternativa_vecinal@hotmail.com
Http//: alternativavecinalvigo.blogspot.com
Domicilio: Rúa Fonte Escura, 10 - C.P. 36317
Teléfono: 610 694 005 - CIF G-36981793
VIGO - GALICIA